



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 4 DE FEBREIRO DO 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día catro de febreiro do dous mil trece; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Prieto Pérez, Don Javier Iglesias Sendín e Don José Ignacio Gómez Pérez.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.  
Esta presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vinte e oito de xaneiro do dous mil trece, salvo no tocante a participacion de Don Jose Prieto Pérez que non estaba presente.

**2.- OBRAS MAIORES.-**

**MODIFICACIÓN DE LICENCIA DE OBRAS RIB/N/08.6/11.-**

Visto o escrito presentado por **Don Pier Luigi Zenaro** con NIE nº X8308061-R, con domicilio na Rúa da Presa nº 5, en Beade, onde solicita modificación de Licenza de Obras, inicialmente concedida para uso hotelero, e que consisten na rehabilitación de edificación para uso de vivenda na Praza San Xoán nº 1/Rúa Yañez nº 30, segundo Proxecto Básico e de Rehabilitación de edificación redactado polos arquitectos Don Manuel Cid Rodríguez e Don Javier Rivadulla Montaña e visado con data 28.06.2012.

Visto o informe técnico da Arquitecto Municipal de data 12 de setembro de 2012 no que se conclúe o seguinte:

*“infórmase favorablemente á concesión da Modificación da Licenza de Obra solicitada”.*

Visto o informe xurídico de data 1 de febreiro de 2013 no que se conclúe o seguinte:

*“Este é o parecer non vencellante do informante do que o seu carácter favorable se supedita ao cumprimento das condicións reflectidas no correspondente informe técnico”.*



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

Conceder a modificación da licenza para rehabilitación de edificación para uso de vivenda a Don Pier Luigi Zenaro con NIE nº X8308061-R, na Praza San Xoán nº 1/ Rúa Yáñez nº 30, en Ribadavia.

### **1.- Condicións xerais:**

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 196.2 da LOUGA, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

**Penalización:** O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

**Caducidade:** A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

### **2.- Condicións particulares:**

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** Rehabilitación de edificación para uso de vivenda.

**Contía na que se orzan as obras:** 103.000 €.

**Situación e empraemento das obras:** Praza San Xoán nº 1/Rúa Yáñez nº 30, en Ribadavia.



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

**Redactor do Proxecto:** Don Manuel Cid Rodríguez e Don Javier Rivadulla Montaña.

**Dirección da execución das obras:** Don Antonio Nieves González.

**Nome ou razón social do promotor:** Don Pier Luigi Zenaro.

**Prazos:** O prazo de inicio das obras non poderá exceder de un (1) mes e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

**Liquidación do ICIO:** Tendo en conta que con data 17/03/2011, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a contía de 3.640,00 euros, e visto o novo orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 103.000 euros, practícase liquidación aos efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, por importe ao seu favor de 962,00 €.

Importe execución material / coste da obra:	103.000,00 €	
Importe do ICIO, 2,6% do apartado anterior (mín. 42€):	2.678,00 €	
Aboado por autoliquidación:	3.640,00 €	17-03-11
Cantidade que deberá aboar adicionalmente:	-962,00 €	

#### **Outras condicións:**

- As obras deberán axustarse os proxectos e documentación anexa aportada o expediente.
- Deberán cumprirse as seguintes condicións do informe técnico de data 12 de setembro de 2012:
  - o *Respectándose, por tanto, ás condicións da Comisión de Seguimento do PEPRI de data de 3 de febreiro de 2011.*
  - o *Sen embargo, respecto á cor das fachadas, na execución das obras realizaranse probas de cor que deberan ser supervisadas polas técnicas da Oficina de Rehabilitación.*
  - o *Estarase ó disposto na Autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural:*
    1. *Os traballos suxeitaranse ás seguintes condicións:*
      - a) *Os materiais arqueolóxicos e demais documentación complementaria depositarase provisionalmente no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, no prazo de seis meses.*
      - b) *O arqueólogo autorizado deberá comunicar as datas de inicio e remate da actividade. Ó remate da actuación e nun prazo máximo de 10 días, presentarase un informe valorativo da mesma. No prazo dun mes os datos dos xacementos arqueolóxicos nos modelos normativizados, e no prazo de seis meses a memoria técnica e copia da acta de depósito estendida polo responsable legal do Museo.*



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

- c) *No non previsto nesta resolución, observárase o disposto nos artigos 9 e 16 do citado Decreto 199/1997.*
2. *Esta autorización concédese sen prexuízo doutras autorizacións ou licenzas que sexan necesarias, se é o caso por aplicación doutras lexislacións sectoriais.*
  - *Estarase ó disposto no Informe do Arqueólogo Municipal: O inicio das obras de demolición interior deberá ser comunicado á Oficina do PEPRI para levar a cabo o oportuno seguimento das mesmas.*
  - *Antes do Inicio das Obras deberá presentarse o Oficio de Designación do técnico coordinador en materia de Seguridade e Saúde*

**OUTORGAMENTO LICENCIA DE OBRA E APERTURA PROVISIONAL RIB/N/188.1/12.-**

Visto o escrito de Don Jose Vicente Bahamonde García, en representación de **FUNERARIA SANTA ANA, AS CALDAS S.L.** con DNI nº 34.960.553-R, onde solicita Licenza de Obra para adaptación dun local para velatorio, na Estrada de Filgueira nº 91 (Ref. Catastral 95116/03), en Francelos, segundo Proxecto Básico e de Execución presentados.

Visto o informe técnico da Arquitecto Municipal de data 10 de xaneiro de 2013 no que se conclue o seguinte:

*“Infórmase favorablemente á concesión da Licenza de Obras e da Licenza de Actividade solicitadas, debéndose estar ó sinalado no presente informe, así como nos informes e Resolúcións Sectoriais”.*

Visto o informe xurídico de data 1 de febreiro de 2013 no que se conclue o seguinte:

*“Este é o parecer non vencellante do informante do que o seu carácter favorable se supedita ao cumprimento das condicións reflectidas no correspondente informe técnico e a Resolución da Comisión Territorial de Patrimonio Histórico, de data 27 de setembro de 2012 “.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

1. Conceder licenza de obras para adaptación dun local para velatorio a Don Jose Vicente Bahamonde García con DNI nº 34.960.553-R, en representación de FUNERARIA SANTA ANA, AS CALDAS S.L. na Estrada de Filgueira nº 91, en Francelos.
2. Conceder licenza de apertura provisional para velatorio debendo satisfacer a cantidade de 143,71 euros, en concepto de taxa por licenza de apertura.



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

### 1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 196.2 da LOUGA, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

**Penalización:** O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

**Caducidade:** A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

### 2.- Condicións particulares:

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** Adaptación dun local para velatorio.

**Contía na que se orzan as obras:** 89.953,00 €.

**Situación e emprazamento das obras:** Estrada de Filgueira nº 91, en Francelos.

**Redactor do Proxecto:** Don Enrique Otero González.

**Dirección das Obras:** Don Enrique Otero González.

**Nome ou razón social do promotor:** Don Jose Vicente Bahamonde García, en representación de FUNERARIA SANTA ANA, AS CALDAS S.L.

**Prazos:** O prazo de inicio das obras é de un (1) mes e o prazo de remate de tres (3) anos a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

**Liquidación do ICIO :** Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 89.953,00 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, por importe de 2.338,78 euros.



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

Importe execución material / coste da obra:	89.953,00 €
Importe do ICIO, 2,6% do apartado anterior (mín. 42€):	2.338,78 €
Aboado por autoliquidación:	
Cantidade que deberá aboar adicionalmente:	2.338,78 €

#### Outras condicións:

- As obras deberán axustarse os proxectos e documentación anexa aportada o expediente.
- Deberán cumprirse as seguintes condicións do informe técnico de data 11 de xaneiro de 2013:
  - *“Sen embargo, proxéctase o pavimento do espazo libre de uso privado mediante plaqueta de gres, dada a inmediatez deste espazo co vial público, esta técnico considera máis axeitado o pavimento con pedra granítica tostada por ser máis coherente co carácter do Casco Antigo; e así se determina na Resolución da Comisión Territorial de Patrimonio Histórico ó sinalar que “se cumpran as consideracións que figuran no informe técnico municipal.*
  - *Por outro lado, antes do inicio das obras deberá presentarse documentación técnica na que se defina o **deseño e os materiais do rótulo a colocar**. Na execución das obras, realizaranse **probos de cor dos paramentos de fachada, que deberán ser aprobadas por este Departamento Urbanístico.***
  - No Expediente consta a Resolución da Comisión Territorial de Patrimonio Histórico, da súa sesión de 27 de setembro de 2012, na que se resolve:  
*Autorizar a intervención sempre que se axuste á documentación remitida á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Ourense e se cumpran as consideracións que figuran no informe técnico municipal e se cumpran as seguintes cautelas:*
    - *As verxas e cancelas de pletina metálica terán deseño sinxelo sen imitacións historicistas con acabado en pintura con limaduras metálicas tipo oxiron ou similar.*
    - *A solución de aplacado da planta alta resolverase con pedra apicoada ou abuxardada e no mesmo ton e cor que a da planta inferior, con despece limpo que non imite as solucións construtivas doutros tipos de fábrica e sen debuxos nin decoracións historicistas..*
  - *No Expediente consta a Resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade – Delegación Territorial de Ourense da Xunta de Galicia, de data de 24 de outubro de 2012, en sentido Favorable, na que se resolve:*  
*(...) informar favorablemente o seu proxecto. Unha vez rematadas as obras, e antes da posta en funcionamento, deberao comunicar a esta Xefatura co fin de realizar a visita de inspección e obter a preceptiva autorización de apertura e funcionamento.*



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

- *No Expediente consta Informe, de data de 12 de decembro de 2012, emitido pola empresa concesionaria, Aqualia, sobre as condicións de execución das conexións ás redes xerais dos servizos municipais de saneamento e abastecemento de auga:*

*No referente ó servizo de saneamento, a rede existente componse dunha conducción de formigón de 300 mm. que transcorre fronte á fachada (1,5 m.) a unha profundidade de 0,8 m.*

*Para a realización da acometida, deberase empregar canalización de PVC SN-4 para augas residuais, de diámetro mínimo exterior 160 mm. e 4 mm. de espesor, segundo UNE-EN 1401-1 e unión por xunta elástica. Realizarase unha arqueta de 30x30, con tapa de fundición no límite da fachada e no entronque coa rede xeral realizarase mediante un enxerto de acometida tipo Click con codo de 90°.*

*Na estrada de Filgueira non se dispón de rede separativa de pluviais. É polo que as baixantes de pluviais, así como as augas procedentes dos sumidoiros interiores, deberán recollerse nunha rede separativa interior e na arqueta de saneamento realizada no entronque coa propiedade, incorporase.*

*Relativo ó servizo de abastecemento, a rede existente componse dunha conducción de polietileno de 90 mm. que transcorre fronte á fachada a 1 m. e en torno a 0,7 m. de profundidade. Sendo necesario a realización da acometida domiciliaria mediante: collarín de fundición, canalización de polietileno de 32 mm. e 16 atm., e empregando material de latón. Disporase dunha válvula de cuadradillo aloxada na arqueta con tapa de fundición (30x30 c. Mínimo) no entronque coa propiedade privada.*

- *Antes do Inicio das Obras deberá presentarse os correspondentes Oficios de Dirección da Execución das Obras e de Coordinación en Seguridade e Saúde, así como documentación técnica na que se defina o deseño e os materiais do rótulo a colocar.*

- Unha vez rematadas as obras notificarase ó Concello coa finalidade de realizar a correspondente visita de comprobación previa á Licenza de Apertura.

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-**

Non houbo.-

### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación do Instituto de la Juventud con data RE 23 de xaneiro de 2013 N° RE 389, relativa a tramitación do abono da axuda concedida.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

## **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **APROBACION DE PADRON DO I.V.T.M.**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle aprobación ao Padrón Cobratorio do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, correspondente ao exercicio 2013 por importe de 230.106,29 euros. Do mesmo modo, acorda sinalar o período de cobranza voluntario do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica correspondente ao presente exercicio económico entre o 7 de Febreiro e o 9 de Abril de 2013.”

## **6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

